



Servizo de reprografía, edición
e impresión dixital da USC



I CARREIRA UNIVERSITARIA SOLIDARIA CAMPUS NA NUBE - RUNFORMED

O Servizo de Reprografía, Edición e Impresión dixital, **Campus na Nube, s.l.**, da Universidade de Santiago de Compostela e a asociación de alumnos de 6 de medicina **RunForMed**, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación USC Deportiva e a Federación Galega de Atletismo, organizan o xoves 23 de Abril de 2015, na zona do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela a **I Carreira Universitaria Solidaria, (Campus na Nube-RunForMed)**, coa finalidade de **recadar fondos que axuden as asociacións sen ánimo de lucro, Fundación Arela, de apoio a infancia e a mocidade e a Asociación ASANOG, de axuda a nenos oncolóxicos de Galicia.**

As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

Nesta esta carreira poderán participar tanto atletas federados como NON federados das categorías de cadete e superiores (2001 e anteriores).

LUGAR DE SAIDA, HORA E DISTANCIA DAS PROBAS

Todas as categorías sairán ás 19:30 horas da **Avenida Antonio R. Ibáñez**, a carón das Pistas de Tenis da Universidade de Santiago, e o punto de chegada será no Estadio de Atletismo da Universidade de Santiago de Compostela, onde se habilitará un servizo de duchas e vestiarios para todos os participantes.

A carreira dará 2 voltas a un circuito para sumar un total de 5700 m (distancia aproximada). A primeira volta serán 2500 m aprox. E a segunda 3200 aprox.

CATEGORIAS DE PARTICIPACION

Estableceranse as seguintes categorías:

- | | |
|------------------|-------------------------------|
| ✓ CADETE | Nados/as no 2000 e 2001 |
| ✓ XUVENIL | Nados/as no 1998 e 1999 |
| ✓ JUNIOR | Nados/as no 1996 e 1997 |
| ✓ PROMESA | Nados/as no 1993, 1994 e 1995 |

- ✓ **SENIOR** Nados/as entre 1981 e 1992
- ✓ **VETERANOS/AS A** Nados/as entre 1971 e 1980
- ✓ **VETERANOS/AS B** Nados/as entre 1961 e 1970
- ✓ **VETERANOS/AS C** Nados/as en 1960 e anteriores

INSCRICIONS

As inscricións en todas as categorías faranse:

On-line, na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com . Tamén poderán acceder á mesma a través das webs www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org . O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o **luns 20 de abril ás 23:59 horas**. Deberán rellenar o formulario de datos presente nestas webs.

Presencial, en todos os locais de Campus na Nube ubicados nas Facultades de Farmacia, Dereito, Psicoloxía, Medicina, Filoloxía, Económicas e Aulario Nova Santos con prazo límite o **luns 20 de abril as 19:00 horas**.

Dado o carácter solidario da proba en beneficio das asociacións mencionadas, as inscricións terán un **donativo de 5 euros + 3 euros de gastos de organización**. O citado donativo irá dirixido íntegramente e a partes iguais para ambas asociacións e será entregado públicamente ao remate da proba na zona de entrega de premios ubicada no Estadio de atletismo da USC.

Aquelas persoas que non poidan participar na proba e desexen colaborar altruistamente con esta causa, poderán facer as súas donacións nos locais de Campus na Nube ou no nº de conta **2080 0388 23 3040000239** poñendo no concepto "Carreira Universitaria Solidaria".

RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais recolleranse a partir do mércores día 22 no local de Campus na Nube na Praza do Seminario de estudos galegos, a carón da Facultade de Farmacia en horario de 8:30 a 19:30 horas., e ate unha hora antes da saída da proba (23 de abril as 19:30 hs.). Recoméndase chegar con suficiente tempo de antelación para evitar colas de última hora.

Habilitarase un servizo de guardarroupa o día da proba, nas instalacións de Campus na nube para todos aqueles participantes que desexen deixar as súas pertencencias e nas propias instalacións das pistas de atletismo da Universidade de Santiago de Compostela.

DESCUALIFICACIONES: toda persoa que incumpra as normas da competición ou as impostas nos regulamentos das probas en ruta pola RFEA e FGA será descalificada a criterio do xuíz/a árbitro/a da competición.

CONTROL DAS PROBAS

O cronometraxe e control técnico das probas correrá a cargo do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo que colabora altruistamente con esta causa.

PREMIOS

Ao finalizar as probas farase a entrega dos premios e agasallos das empresas e entidades colaboradoras.

PREMIOS e AGASALLOS

MEDALLAS os 3 primeiros clasificados das categorías establecidas no presente regulamento así como os / as 3 primeiros / as da clasificación xeral da proba absoluta.

AGASALLOS dos colaboradores.

TODO O NON PREVISTO NO PRESENTE REGULAMENTO RESOLVERASE SEGUNDO OS REGLAMENTOS DA FGA E RFEA VIXENTE PARA PROBAS EN RUTA.

PLANO DAS PROBAS

